



## Carta desde a banda da esperanza

---

Manuel Regal Ledo

Por mor de ir adiantando o traballo e de que as novas que considero salientables non se vaian amoreando no caixón dos esquecementos, empecei a darlle a esta Crónica xa no mes de xullo, cando as calores petan duro e non é doado atopar unha hora e un lugar axeitados para poder escribir algo co corpo e coa mente espelida. Funo atopando. E coa disposición de situarme, coma sempre, da banda da esperanza, abrimos esta Crónica

### **1.- Aceptemos que estamos en guerra**

Unha mágoa ter que empezar recoñecendo que estamos envoltos nunha dinámica belicosa, dunha forma un pouco rara, case esperpéntica, pero unha guerra de niveis internacionais, que igual, cando isto chegue ás vosas mans, desenvolveu ás

claras as súas potencialidades negativas ou, se cadra, oxalá!, afrouxou a súa intensidade en base ao medo que, tristemente, adoita ser un resolutivo conselleiro cando outras razóns máis intelixentes, máis humanitarias, non son quen de analizar e resolver as situacións.

De entrada, van xa miles e miles de mortos inocentes; pobos e cidades destruídas; millóns de persoas refuxiadas; investimentos desorbitados destinados a mercar e empregar armas para matar; nacións enteiras envoltas nunha inxente crise económica e social que afectará irremediabilmente sobre todo á xente máis débil de entre nós, cunha fame negra máis destrutiva do que a mesma guerra; por detrás do escaparate un descoñecido xogo de estra-texias de control dos recursos, co demo da xeopolítica xogando

fatidicamente con todo, con todos. E logo os debates de parlamentos, os faladoiros, as conversas dos bares, onde discutimos coma pícaros de patio de recreo sen ousar dirixir a intención cara a onde están as verdadeiras raíces do drama, se cadra porque iso levaríanos a sinalar cara ao propio corazón, cara a ese fondo escuro que, como persoas e sociedades, levamos dentro de nós. Facelo avergonzaríanos, seguro, pero abriríanos as portas a densos camiños de solución, que irían por dirección moi distinta á do clásico «*si vis pacem, para bellum*» (se queres a paz, prepara a guerra), que é ao que reiteradamente se recorre, cando non se sabe ou non se ousa facer algo con aires máis humanitarios, cousa que se podería pretender pola vía contraria: «*si non vis bellum, para pacem*». Pero todo falla, cando o obxectivo último non é realmente a paz, senón os xa vellos intereses crematísticos (diñeiro e poder), case sempre inconfesables. Se ao menos a realidade nos abrise os ollos para decatarnos dos terribles fíos do noso urdido!

Sobre isto, o papa, sempre preocupado e profético por todo

o que ten que ver coa fraternidade social, universal, dicía nunha conversa cos directores de revistas que en diferentes países edita a Compañía de Xesús, contestando a estas preguntas: «Cal é o seu consello para comunicar a situación que estamos vivindo? Como podemos contribuír a un futuro pacífico?»

Para responder a esta pregunta temos que nos arredar do patrón normal de «Carrapuchiña Vermella»: Carrapuchiña Vermella era a boa e o lobo era o malo. Aquí non hai bos e malos metafísicos, de forma abstracta. Está xurdindo algo global, con elementos moi entrelazados. Un par de meses antes de que empezara a guerra, coñecín un xefe de estado, un home sabio, que fala moi pouco, moi sabio. E despois de falar de cousas que quería falar, díxome que estaba moi preocupado pola forma en que se movía a OTAN. Pregunteille por que, e respondeume: «Están ladrando ás portas de Rusia. E non entenden que os rusos son imperiais e non permiten que ningunha potencia estranxeira se achegue a eles». Concluíu: «A situación podería levar á guerra». Esa era a

súa opinión. O 24 de febreiro comezou a guerra. Ese home de estado soubo ler os sinais do que estaba acontecendo» (...). O que estamos vendo é a brutalidade e a ferocidade coa que esta guerra está sendo librada polas tropas, xeralmente mercenarias, empregadas polos rusos. (...) Pero o perigo é que vexamos só isto, que é monstruoso, e non vexamos todo o drama que se está a desenvolver detrás desta guerra, que quizais dalgunha maneira foi provocada e non evitada».

(Pódese ler o texto completo desta sinxela pero interesante entrevista en *Razón y Fe*, 2022, t. 286, n.º 1458, pp. 17-26.)

O 15 de maio foi canonizado Carlos de Foucauld. Un irmán universal, en moitos aspectos reflexo daqueloutro irmán universal que foi Francisco de Asís, que tamén o foi, e con que paixón, do gran irmán universal Xesús de Nazaret. O que define a un irmán universal é a súa aposta pola resistencia pacífica, pola non violencia, resumida nestas palabras de Xesús: «Non devolvades mal por mal. Ao contrario, se alguén che dá un lapote na túa meixela dereita,

preséntalle a outra» (Mt 5,39). O camiño está aberto. Pero as palabras e os feitos destes liderados espirituais cáusannos risa. Claro que a nosa práctica contraria causa bágoas, infinitas bágoas. Cantas leccións para tempos de guerra e para tempos de paz as ofrecidas pola existencia deste homiño senlleiro que se perdeu no deserto, entre a nada, entre os últimos (Que motivadora a lectura do escrito por Jonny Pereira Socas, sacerdote da fraternidade *Iesus Caritas*: <https://diocesiscoriacaceres.es/foucauld-patron-insatisfechos-fracasados/>)!

## 2.- E de irmán a irmáns

E deixamos que sexa o mesmo irmán Carlos quen nos leve da man para comentar a seguinte nova que, aínda que semelle pouco relevante, abre camiños nunha interesante dirección. O 18 de maio, o papa Francisco derroga o art. 588 do C.D.C. que impedía que os *sodalistas* dunha comunidade relixiosa mixta (clérigos/leigos) puidesen ser nomeados superiores das comunidades. O termo *sodalis* en latín fala de amigo, compañeiro, camarada,

familiar..., e con esa palabra tan sagrada chamábase nos Canons a quen nos conventos e mosteiros se lles dicía «irmáns leigos, irmáns», palabra tamén sagrada, a preferida por Xesús no trato entre as persoas que o quixesen seguir (Cfr. Mt 23, 8). Ah, pero os irmáns, por non ser clérigos, non podían acceder ao servizo de responsabilizarse dunha comunidade.

Un escandaloso xesto de clericalismo, que levaba consigo con moita frecuencia un trato inxusto, ás veces vexatorio, facendo que eses irmáns quedaran relegados a funcións moi secundarias, sen posibilidade de participar en recursos de formación, excluídos da toma de decisións, obxecto dun paternalismo humillante. En fin, unha especie de criados da comunidade. Non sempre foi así, e desde o Vaticano II as cousas xa foran cambiando moito.

E iso que en moitas ocasións o movemento relixioso do que formaban parte nacera como movemento claramente laical. Por exemplo, todo o monacato occidental, fundado por Bieito de Nursia (s. VI), foi laico. A Regra monástica admite que

pode haber algún sacerdote que queira incorporarse á comunidade (c. 60), ou que o mesmo abade considere oportuno ordenar algún monxe para coidar a vida sacramental na comunidade (c. 62), pero insiste sempre en que esas circunstancias non eximen o clérigo de nada e que en todo ha de ser un máis dentro da comunidade. A clericalización da Igrexa botou por terra unha proposta laical tan digna.

A isto vén o xesto do papa Francisco. Derroga a barreira que impedía que os irmáns puidesen asumir todo tipo de responsabilidades dentro das comunidades. O sacerdocio non ten por que ser condición imprescindible para poder presidir unha comunidade, mesmo que estea formada por clérigos e non clérigos. É un paso máis do xa dado na constitución apostólica *Praedicate Evangelium*, que permite que os leigos, homes ou mulleres, poidan dirixir algúns dicasterios (ministerios) do Vaticano, porque o goberno está vinculado á misión e non á ordenación sacerdotal. Outro paso poderao ser en calquera momento que a responsabilidade última dunha comunidade parroquial non teña por que ser

exercida por un clérigo, e que un sacerdote poida estar integrado nun equipo parroquial simplemente ofrecendo o seu servizo específico.

Aos 3 días desta decisión do papa, os Camilos elixen a Xosé Carlos Bermejo Higuera Superior Provincial dos Camilos en España. Xosé Carlos é irmán leigo, gran experto en pastoral da saúde, profesor universitario, escritor xeneroso, promotor de importantes iniciativas relacionadas co mundo da saúde, e desde agora por tres anos provincial da súa orde. Parabéns para el e as súas comunidades, parabéns para o mesmo papa, que posibilita tales cousas!

### 3.- Sínodo: síntese das dioceses españolas

O 1 de xuño presentouse en Madrid a síntese que intentaba recoller o esencial do traballo feito nos diferentes grupos sinodais que en todas as dioceses españolas estiveran traballando desde o 10 de outubro pasado. 650 representantes puideron escoitar e acoller o que durante estes meses estiveran traballando 215.000 persoas en 14.000 grupos; a idade media

das persoas participantes estaba entre os 55-60 anos, e o 70 % delas foron mulleres. Xente nova, moi pouca. Curas, sobre todo novos, moi poucos. A síntese foi elaborada polo equipo de oito persoas designado pola CEE. Será remitida a Roma xuntamente con todas as achegas de todas as dioceses; e a partir da síntese de todos os países do mundo, a Secretaría Xeral do Sínodo deberá compoñer antes do próximo mes de setembro o *Instrumentum laboris*, a partir do cal a asemblea sinodal, basicamente composta por bispos do mundo enteiro, empezará a realizar o seu traballo.

O equipo que resumiu o traballo fala de que custou entrar na dinámica sinodal, rostros repetidos, pouca presenza de persoas de «fóra», coa nota rechamante de 19 grupos de xente na cadea, e de que enchoupar a realidade eclesial co espírito sinodal é un proceso de conversión para o que estamos só nos comezos.

A síntese consta de 15 folios e está composta por unha introdución e logo catro capítulos máis. Léndoa, por veces un dubida se está ante as mesmas

propostas saídas dos grupos, ou ante a apreciación e interpretación do equipo encargado da síntese. Subliñamos algún aspecto que nos chamou especialmente a atención.,

No c. II afírmase a «necesidade de vivir unha espiritualidade dinámica que nos conduza a unha renovación interior e a unha transformación exterior», para recoñecer a continuación como o grande foco (*fons et culmen*) da espiritualidade cristiá, a celebración eucarística, «vívese dunha forma fría, pasiva, ritualista, monótona, distante». «Todo iso ten como consecuencia a desconexión entre as celebracións litúrxicas e a nosa vida».

Deste mesmo capítulo anoto a seguinte valoración: «Temos que dar pasado de eventos pastorais a procesos de vida cristiá, sobre todo porque, por momentos, percibimos o esgotamento e o cansazo por non ver con claridade cara a onde imos; dalgún xeito, temos a sensación xeneralizada de que facemos moitas cousas que non levan a ningunha parte». Tremenda esta diagnose, pero a inercia pódenos e as alternativas débordannos, descolócannos.

Chamounos a atención iso do «clericalismo bilateral», que afecta a clérigos e leigos. Non nos parece moi apropiado esa especie de reparto de responsabilidades de igual a igual. Historicamente un laicado desinteresado creouse a partir dunha clericalización absoluta das comunidades cristiás, que implicaba submisión, silencio, inacción do laicado. E o que temos son as consecuencias amargas de todo iso nada doadas de superar.

Tamén nos tocou a seguinte apreciación: «Percíbese, emporiso, unha clara fractura entre Igrexa e sociedade. Aquela é vista coma unha institución reaccionaria e pouco *‘propositiva’*, arredada do mundo de hoxe. En parte, consideramos que a responsabilidade é nosa, porque non sabemos comunicar ben todo o que somos e facemos. Esta imaxe da Igrexa dóenos – porque a amamos– e, en certo sentido, a sensación de que non chegamos á sociedade e de que os prexuízos contra a Igrexa son insuperables condúcennos a un profundo desánimo que dificulta a presenza evanxelizadora e transformadora da realidade». Tremendo tamén este diagnóstico, ao que, ao noso ver, sóbra-

Ile iso tan recorrente de que «non sabemos comunicar ben». A sociedade, polo menos en canto pobo chan, si conecta claramente con certas maneiras de ser Igrexa e de vivir o Evanxeo.

No c. III anótanse temas que tiveron unha forte resonancia no proceso sinodal. Anotámoslos só no seu enunciado:

- Papel da muller na Igrexa como inqueda, necesidade e oportunidade.
- Cativeira presenza e participación da mocidade na vida e misión da Igrexa.
- A familia como ámbito prioritario de evanxelización.
- Eco importante do tema dos abusos sexuais, de poder e de conciencia na Igrexa.
- Necesidade de institucionalizar e potenciar os ministerios laicais.
- Atención ao diálogo coas demais confesións cristiás e con outras relixións.

Chamounos a atención que os redactores afirmen o seguinte, referido ao celibato opcional dos curas, á ordenación de casados e de mulleres: «En calquera caso, en relación con estes temas,

detéctase unha clara petición de que, como Igrexa, dialoguemos sobre eles coa finalidade de permitir coñecer mellor o Maxis-terio respecto dos mesmos e poder ofrecer unha proposta profética á nosa sociedade». A linguaxe é sospeitosa. Se falamos de detectar, non estamos ante unha clara petición; e se é clara a petición, non se detecta, afírmase. Non sería que lles deu reparo transmitir o que claramente se solicitaba?

Do c. IV recollemos só estes dous parágrafos un chisco encontrados:

«Nun momento no que resulta evidente que as cousas non poden seguir igual e urxe dar resposta a desafíos ineludibles, percibimos que estamos asentando as bases para un novo xeito de traballar e de ser Igrexa e iso ilusionanos e anímanos».

«Non son poucas as persoas que se preguntan se realmente servirá para algo este proceso de escoita, sobre todo relacionándoo con experiencias anteriores. (...) Sabémonos escoitados, pero non protagonistas da vida e da misión da Igrexa».

E do c. V subliñamos as tres urxencias propostas: Medrar

en sinodalidade (con propostas bastante concretas), promover a participación dos leigos (cun apuntamento interesante na liña de «superar un estilo de vivir a fe ´cara a dentro´, que se reduce á práctica dos sacramentos e non sae ao encontro das persoas na vida social e ata as periferias»), e superar o clericalismo.

En todo caso, concordamos con que, «concluída a fase diocesana do Sínodo, é o momento axeitado para o levar a cabo, dándolle así continuidade á nosa experiencia sinodal, ao tempo que se desenvolve a fase continental».

#### 4.- A sinodalidade en vivo

Desta necesaria continuidade no exercicio sinodal fala o exemplo de vida que veremos comentar brevemente. Todas temos oído falar do santuario de Santa Marta de Ribarteme, na parroquia de San Xosé, As Neves, Pontevedra, diocese de Tui Vigo. Todos sabemos das súas sonadas procesións de cadaleitos, nos que xente ofrecida é portada nun deles a xeito de persoa defunta, para lle agradecer á santa ser por ela liberada dunha morte

anunciada, segura. Tanto «mérito» mereceu o recoñecemento da Xunta de Galicia en 2020 como festa de interese turístico. O día da festa, 29 de xullo, atrae xente de todo tipo, moita dela seguramente cunha fe relixiosa, igual algo daquela maneira, e moita dela tamén como curiosos espectadores de algo que lles sabe a teatro popular sen máis. E así vén funcionando desde hai anos e anos, aínda que acentuándose e espallándose cada vez máis o aspecto exótico grazas á facilidade ofrecida polos medios de comunicación actuais, porque desde logo o espectáculo é de nivel.

Pero velaquí que desde hai un par de anos, o párroco do lugar, pensemos que co visto e prace do seu bispo, empezou a tomar medidas intentando situar o fenómeno relixioso e social dentro da órbita dunha experiencia relixiosa cristiá sa. Nos anos 20 e 21 a pandemia xustificou a prohibición de facer a procesión, pero, segundo xa viña anunciando o párroco, en 2022 prohibiuna terminantemente, para ese ano e para en diante, alegando que aquilo era un circo, un espectáculo



que nada ten que ver coa vida cristiá. A freguesía manifestouse contra esa decisión, pero o párroco afirmouse no seu imponendo o seu criterio.

Posiblemente o párroco teña toda a razón do mundo: aquilo está sendo un circo, non unha experiencia relixiosa de calidade, Pero, como abordamos iso, que seguramente contou co alento, promoción, proveito e gozo de moito clero durante moitos anos: desde o poder clerical ou desde un exercicio práctico de sinodalidade? Encontros para falar do asunto, escoitar opinións, axudar a entrar no fondo da cuestión; ante un tema desta transcendencia social, mesmo invitar o bispo a participar nun encontro, e así, lentamente, ir madurando unha decisión compartida. Está claro que o segundo é moito máis lento e custa moito máis traballo ca dar unha simple orde, aínda que isto tamén teña o seu custo. Pero este é o gran reto para ir accedendo a unhas comunidades cristiás adultas na práctica da fe.

Os nosos respectos, con todo, e aínda admiración polo párroco en cuestión. E un con-

solo, se cabe: a maioría das persoas que temos algunha responsabilidade eclesial, chegado o caso botamos man tamén do recurso autoritario que tan ben nos funciona. Pero esa é a nosa fortaleza ou a nosa fragilidade? (Outra cousa é a posterior decisión do párroco en cuestión de negarse a bautizar porque a madriña convivía cun home sen casar. Con esta crónica xa pechada, deixamos o tema, se cadra, para o próximo número).

## 5.- Conversas de taberna

A pura casualidade fixo que a comezos de verán me sentise convocado a un xantar fraterno en Palas de Rei por un pequeno grupo da HOAC de Galicia no que tamén participaron varios misioneiros combonianos cregos. Palas de Rei, camiño de Santiago, un sábado polo mediodía, estaba ateigado de xente en peregrinación e isto levounos a xantar a unha cativa cantina de pobo, unha comida tamén humilde pero saborosa, sobre todo porque estaba regada pola presenza vigorosa de persoas implicadas a fondo na tarefa de vivir o evanxeo entre a xente.

Chamoume a atención de primeiras que uns combonianos estivesen atendendo coma cregos unhas parroquias dos arredores de Palas. Caín na conta de que non estaba nada mal, dado que cada vez máis somos país de misión, e, quitadas certas tradicións relixiosas que se manteñen polo si ou polo non, as cousas da fe, a práctica relixiosa cun mínimo de coherencia, cada vez resulta máis estraña. Alegreime, logo, de que intentasen facer misión nas aldeas de Galicia.

Comentaron a dificultade que atopaban coa lingua galega, pois non eran galegos. Estaban confusos. Estrañoume. En terras de misión coido que non o dubidarían: hai que aprender a lingua do pobo no medio do cal estou. Pero aquí ben coñecemos o que pasa entre a mesma xente, que case se avergonza do que é e fala, e entre os axentes de pastoral, que parecen dar por feito que, como entenden o castelán, iso é unha nimiedade á que non fai falta prestarlle ningún esforzo. E así, como pola porta de atrás, contribuímos a ir poñendo a Deus nun recanto das nosas vidas. O que

tampouco quere dicir que por tratar a Deus en galego xa lle abramos as portas de todo.

Véuseme á cabeza suxerir-lle que buscasen ser ensinados pola xente na aprendizaxe do galego; que, no canto de ir a algunha academia, se dedicasen a encontrarse coa xente, a preguntarlle cousas da fala, como se di isto ou aquilo, que quere dicir iso que me dixeches, que me corrixa cando eu fale algo mal en galego etc. Así, pouco a pouco, empodero o pobo, como dicimos agora, contribúo a facelo consciente do que é, sabe e vale, e de paso eu tamén me vou empoderando no dominio dunha lingua e apego a miña alma á alma da veciñanza, condición non menor para unha persoa en misión.

Eu polos combonianos sinto un profundo afecto e admiración. Conmóveme o traballo que están a facer sobre todo en África, do que é bo testemuño a revista *Mundo Negro*, que aconsello vivamente, porque aprende a ver o mundo desde outras perspectivas, porque necesitan o noso apoio.

Do número 681, xuño deste ano, p. 60, transcribo estas

palabras do testemuño persoal dun crego, Stefano Fazion, ao se incorporar a unha nova parroquia:

«Por iso dediquei o tempo necesario para mirar as novas caras da xente que vén á parroquia, tratando de reter os seus nomes e de non esquecelos axiña. Son as persoas ás que fomos enviados para lles anunciar a Palabra que salva, e teñen un rostro, un nome, unha historia. A Palabra anunciada, para non ser ideoloxía, ten que se encarnar nesta historia».

## 6.- O lume do San Xoán

Polo san Xoán, cando por aquí andabamos apagando os lumes das cacharelas, ou lume novo, como dicimos por Abadín, o Tribunal Supremo de Norte América acendeu unha boa laparada anulando a protección constitucional á práctica do aborto. Non sendo un dereito constitucional, non podía ser de obrigado cumprimento por parte de todos os estados da Unión, e a súa legalización dependerá do que dite cada un dos 50 estados que a compoñen. Para algúns foi un importante paso atrás despois

dos 49 anos que levaba vixente a actual situación. Para outros –en xeral, á parte doutros grupos sociais e relixiosos, toda a Igrexa católica, pero en especial os grupos máis rigoristas dela– foi un importante paso adiante, que nos debería facer pensar a todos. Houbo manifestacións a favor e en contra.

E reaparecen preguntas vellas para as que as respostas dadas non teñen aceptación compartida. Pode ser o aborto un dereito? A muller, só a muller e sempre, ten pleno dominio sobre o que se xera no seu corpo? Dereito ao aborto, ou retirada da penalización do mesmo en determinadas circunstancias? Pode darse aquí un conflito moral no que se dea un mal maior, que afecte á nai e parella, que permita un mal menor, neste caso a interrupción do proceso de vida da persoa xerada? Somos todos tan coherentes coa aposta pola defensa da vida en toda forma e lugar? Converter o aborto nun dereito é realmente un sinal de progreso? Non é a muller a que, moitas veces en circunstancias persoais, familiares, sociais, laborais moi extremas, debe apandar coas consecuencias do non ao aborto? E polo

tanto non é ela tamén a que no caso de proceder ao aborto debe ter a derradeira palabra? O non ao aborto non reabriría prácticas abortivas «caseiras», que afectarían moi negativamente a persoas e grupos sociais máis fráxiles?

E as preguntas poderían multiplicarse. Haberá que ir acordando prácticas éticas para unha convivencia social digna. Pero máis aló do necesario enfoque legal, sobre esta cuestión cremos que debería prevalecer todo o mundo dos coidados, sempre máis complexos, máis comprometedores, máis humanos tamén –iso cremos– do que a simple lexislación.

Coidados xa na formación afectivo-sexual da nosa crianza, da nosa mocidade, que moitas veces descansa ao vaiche boa no que nas redes se ofrece. Coidados na lexislación e nos comportamentos empresariais cara ás mulleres que poden quedar embarazadas. Coidados nas mensaxes eclesíásticas ás veces tan reticentes, estentóreas e mesmo agresivas con todo o sexual. Coidados para asumir como problema noso toda forma de vida xa existente,

que en tantos países do mundo non vale un peso. Coidados reais, xa públicos e non tanto privados, para que calquera muller embarazada en situacións complexas poida recibir apoios de todo tipo. Coidado cara ao mantemento da nosa poboación. Coidado cara ao desbloqueo dunha mentalidade egoísta que vexa unha crianza como unha ameaza ao confort, á boa vida. Coidado do diálogo con grupos sociais para os que os principios relixiosos carecen de significado. Coidado na elaboración e maduración de consensos éticos sobre bases humanitarias compartidas. Coidado na configuración económica e social que moitas veces dificulta ou demora a decisión de poder ter familia.

Quen isto escribe non entende que o aborto sexa nin un dereito, nin unha especie de anticonceptivo a posteriori, senón a opción regulada por un mal menor para certas situacións nas que a muller afectada, acompañada de apoios de todo tipo, debe decidir. Estamos ante unha cuestión fundamente humana na que calquera banalidade sempre nos prexudica. Pero, claro, pode estar equivocado.

## 7.- A Biblia en galego

O 12 do pasado xullo presentouse en Santiago a 4.<sup>a</sup> edición da Biblia en galego. O acto estivo presidido por Francisco Domínguez Martínez, presidente da editorial SEPT, alma máter desta iniciativa desde o primeiro momento, a quen nunca lle agradeceremos abondo a súa clara iniciativa, o seu firme esforzo e a súa constante determinación para facer posible esta xoia literaria e relixiosa. Polo tanto os nosos fervorosos parabéns para eles. Tamén participaron no acto o arcebispo de Santiago, Xulián Barrio Barrio, en representación da institución eclesial, o biblista Xosé Fernández Lago, supervisor da edición, e Román Rodríguez González, conselleiro de cultura do goberno galego, que sempre colaborou economicamente na empresa. O acto contou coa atinada participación de Nuria Núñez, que, a máis dunha intensa colaboración para facer posible esta agardada reedición da Biblia, exerceu de mestra de cerimonia do acto con creatividade.

A finalidade desta nova edición era, por unha parte, poder

satisfacer a demanda existente da Biblia en galego, pois a última edición estaba esgotada desde hai anos, e pola outra aplicar a revisión lingüística coas normas ortográficas e morfolóxicas acordadas pola Real Academia Galega e polo Instituto da Lingua Galega xa en 2003, na súa última actualización.

E así podemos tocar e bicar esta nova edición corrixida, fermosamente editada, destinada a que poidamos vivir en galego a nosa condición de persoas cristiás galegas, e a achegarnos con corazón de discípulo/a a unha traxectoria de fe da que somos herdeiras e continuadoras. Unha experiencia relixiosa histórica, na que o Espírito, tomando carne e sangue no acontecer de cada época e nos homes e mulleres que a representaban, foi levando a cabo cos seres humanos un percorrido progresivo de fe, ata o seu estoupido, ao menos para as persoas cristiás, na persoa e na vida de Xesús de Nazaret. Percorrido histórico, alentado polo Espírito, que segue empurro aberto, porque estamos ben lonxe de esgotar os dons de Deus.

Quedan moitas cousas por facer. Chamoume a atención a polémica orixinada porque na última edición de Biblia de Xerusalén, na pasaxe da elección dos apóstolos Pedro e André (Mc 1, 16-20 e paralelos), cambiaban o coñecido «fareivos pescadores de homes», por «fareivos pescadores de persoas». Unha ousadía irreverente para algúns. Ao noso ver unha tradución en linguaxe inclusiva, ben traballada, é moi necesaria. Alegrámonos por iso, e moito, cando soubemos que en Canarias dispoñen xa dunha edición do Novo Testamento en linguaxe inclusiva, e ademais incorporando os termos e formas lingüísticas características do lugar. Unha cousa debería ser un texto base de estudo, e outro un texto que facilite a comprensión do anunciado e a súa entrada na vida, nas entrañas da xente. Unha tarefa que temos por diante certamente.

## 8.- Ordenando a propia casa

A todos nos pasa. De cando en vez cómpre parar e poñer orde e limpeza na habitación, no escusado, no escritorio e mesmo no galiñeiro. Algo así

parece que están a facer desde Roma a diferentes niveis e con diversos grupos eclesiais, ben con intervencións directas do papa Francisco, ben mediante outros medios e organismos do Vaticano.

Así, en Francia «suspensión de ordenacións en Fréjus-Toulon por decisión vaticana; visita apostólica a Estrasburgo a instancias do nuncio; disolución da comunidade do Verbo de Vida, por anomalías graves e sistémicas; supresión da asociación Misión Teresiana, por motivos similares,... (Marie Malzac en *Vida Nueva*, 3.278, 34). Unha efervescencia de vida relixiosa de carácter máis ben integrista que se foron constituíndo sen apenas seguimento ningún. Na actualidade hai 109 movementos vinculados ao Dicasterio do Vaticano para os Institutos de Vida Consagrada e Sociedades de Vida Apostólica, presidido polo cardeal Kevin Farrell.

Por esa razón, o 15 de xuño pasado fíxose público un rescritto do papa Francisco ordenando que o bispo correspondente debería contar coa autorización escrita do Dicasterio antedito para se poder erixir

unha asociación pública de fieis con vista a se converter nun Instituto de Vida Consagrada ou nunha Sociedade de Vida Apostólica. Falta facía. Todos temos coñecido realidades deste tipo que Deus nos valla!

Pero a cousa non queda aí. A mesma *Comunión e Liberación*, nada da man do crego italiano Luigi Giussani xa en 1954 e consolidada como tal en 1969, cunha presenza cualificada en 90 países do mundo, cunha ampla traxectoria ao redor da tríade cultura, caridade e misión, con cardeais, bispos, cregos, leigos compartindo soños e tarefas eclesiais, tamén está sendo obxecto de certo ordenamento desde Roma. Neste caso, tivo que ver con dous aspectos. Primeiramente o sistema de goberno: a Giussani sucedeuno en 2005 o crego español Julián Carrón ata 2021, cando o Dicasterio de Kevin Farrell determina que o cargo será por períodos de cinco anos e só de dous mandatos consecutivos. Desde ese ano preside CeL o leigo italiano Davide Prospero, químico de profesión. Queixábase o dito cardeal de que non se lle daba xogo á xente nova para

os cargos de goberno, sempre entre os 50-60 anos ou máis.

O segundo aspecto ten que ver con feitos non menos importantes, polo que se deduce dunha carta que se lles manda desde o Dicasterio invitándoos «a revisar as ensinanzas, as prácticas, os métodos de goberno e as formas de organización da vida interna que se teñen revelado inadecuadas ou mesmo nocivas». (José Lorenzo en *Religión digital*, 25.06.22)

Tamén o *Opus Dei* foi obxecto de atención papal, neste caso a través do *Motu proprio* «*Ad charisma tuendum*» (Para salvagardar o carisma), 14/08/22, do que seleccionamos as partes que nos parecen fundamentais:

Art.1. «(...) a Prelatura depende do Dicasterio para o Clero, que, segundo a materia, avaliará as cuestións relativas cos demais Dicasterios da Curia Romana». (É dicir, non depende xa directamente do papa).

Art.2. «(...) Cada ano o Prelado presentará ao Dicasterio para o Clero un informe sobre o estado da Prelatura e sobre o desenvolvemento do seu labor apostólico».

Art.4. «(...) para a protección do don particular do Espírito, é necesaria unha forma de goberno baseada máis no carisma ca non na autoridade xerárquica. Polo tanto, o Prelado non será honrado coa orde episcopal».

Art. 5. «(...), ao Prelado do *Opus Dei* concédeselle, por razón do seu cargo, o uso do título de Protonotario Apostólico Supernumerario co título de Reverendo Señor e, polo tanto, pode empregar as insignias correspondentes a este título».

Non sei, o texto, ao tempo que tenta colocar nun lugar de igualdade eclesial un movemento que sempre gustou da excepcionalidade, do privilexio, da figuración –e iso parécenos ben–, segue buscando equilibrios e compensacións de títulos e insignias que non nos parecen nada evanxélicas (cfr. Mt 23, 8).

Que ben que na revisión obrigada dos estatutos do *Opus Dei* (art. 3), a propia prelatura renunciase a todas esas andrómenas mundanais! Oxalá!

E por último *Desiderio desideravit* (Moito levo desexado, Lc 22, 15), unha Carta Apostólica sobre a formación litúrxica

do pobo de Deus, publicada non ao chou o 29 de xuño (festividade de Pedro e Paulo), dirixida a toda a comunidade católica, coa que «Quero ofrecer simplemente algúns elementos de reflexión para contemplar a beleza e a verdade da celebración cristiá»(n.1).

Do conxunto do escrito (65 puntos), os apartados máis amplos e fundamentais son os titulados «A necesidade dunha seria e vital formación litúrxica (nn 27-47) e «*Ars celebrandi*» (A arte da celebración) (nn. 48-60). O escrito, repetímolo, vai dirixido a calquera persoa cristiá católica; pensamos que a todos nos virá ben a súa lectura e meditación, porque a banalidade litúrxica non é patrimonio de ninguén. Pero tamén é certo que no consciente do papa está unha realidade conflictiva á que xa se tiña referido coa coñecida «*Traditionis custodes*», 16/08/2021, e que expresamente menciona no n. 61 do presente escrito cando afirma:

«Estamos continuamente chamados a redescubrir a riqueza dos principios xerais expostos nos primeiros números da «*Sacrosanctum Concilium*»,



comprendendo o íntimo vencello entre a primeira Constitución conciliar e todas as demais. Por iso, non podemos volver a esa forma ritual que os Pais Conciliares, *cum Petro et sub Petro*, viron necesario reformar, aprobando, baixo a guía do Espírito e segundo a súa conciencia de pastores, os principios dos que naceu a reforma».

Para concluír xa no n. 65 e derradeiro:

«Abandonemos as polémicas para escoitar xuntos o que o Espírito lle di á Igrexa, manteñamos a comunión, sigamos asombrándonos pola beleza da liturxia. Déusenos a Pascua, conservemos o desexo continuo que o Señor segue a ter de poder comela connosco. Baixo a mirada de María, Mai da Igrexa».

E algo nesta dirección nos transmite tamén a brevísima carta do 21 de xullo, dirixida desde a Oficina de Prensa da Santa Sé –pero curiosamente sen ningunha firma concreta– ao Camiño Sinodal de Alemaña, desde a previsión de que tal camiño sinodal podería significar «unha ameaza á unidade da Igrexa». Quizais o punto central da mesma serían estas palabras: o Sínodo «non

ten poder de obrigar os bispos e os fieis a adoptar novas formas de goberno e novos enfoques da doutrina e da moral».

## 9.- Vidas e mortes que dan que pensar

Nos meses de xuño e xullo morreron algunhas persoas ou grupos de persoas significativas a nivel humano e eclesial. Querémolas lembrar con agradecemento e, nalgún caso, tamén con indignación.

O 14.06.22, aos 96 anos, morre Gabino Díaz Merchán, bispo de Guadix-Baza e logo de Oviedo ata a súa xubilación. Home sinxelo, pero tenaz, conciliar, que soubo acompañar a súa diocese en tempos complexos, e que o fixo con coherencia, comprometendo a fe, a palabra, a vida coas situacións tensas que se daban daquela en Asturias. Un pastor de traza conciliar, á altura do momento social e eclesial.

O 16.06.22, aos 93 anos, morre o tamén bispo Antonio Montero, bispo auxiliar de Sevilla (1969) e logo de Mérida-Badaxoz (1980). A máis de poder ser recordado como un bo, empren-

dedor e eficiente bispo, destacou desde sempre polas súas achegas no mundo da comunicación. Foi fundador da revista *Vida Nueva*, que xa anda polos 3.285 números, e tamén da editorial PPC, cunha amplísima ringleira de títulos. Ambos produtos editoriais teñen exercido e seguen exercendo un importantísimo papel no mundo da difusión, da formación, da orientación da vida cristiá nos sucesivos contextos sociais que foron acompañando. Alguén tamén no que pousar os ollos con agradecemento e admiración.

O 20.06.22 os xesuítas mexicanos Javier Campos (79 anos) e Joaquín Mora (81 anos) foron asasinados en Cerocahui, Tarahumara, México, por dispoñerse a defender a un home que, perseguido por outro armado, buscaba refuxiarse na igrexa. Estas mortes forman parte da vaga de asasinatos que asola México, sobre todo entre periodistas, mulleres e persoas socialmente críticas con eses comportamentos. Polo demais Javier e Joaquín non eran senón dous xesuítas metidos a tope na vida, nas necesidades, nas demandas do pobo máis humilde no que estaban inseridos. Descansen en paz.

O 24 de xuño, no intento de saltar o valado fronteirizo de Marrocos/Melilla, morrían de mala morte un número indeterminado de inmigrantes subsaharianos: 20, 30, 50..., moitísimos máis feridos, e feridos tamén membros das forzas da orde de Marrocos e España. Todo ante unha suavísima indignación social. A cousa é conto vello. Deuse e seguírase dando un trato considerado ás veces, como cando se recolle a quen chega en fraxilísimas pateiras, e violento ao máximo cando intentan dar o paso final, que é entrar a pé en terreo europeo. Un trato en todo caso moi diferente, por exemplo, do que lle estamos dando por Europa adiante aos inmigrantes ucraínos, pero cos subsaharianos non verificamos sequera se quen peta á porta ten razóns serias para ser atendido.

Recollemos estas palabras, compartidas e pasadas por nós ao galego, do franciscano Santiago Agrelo, gran valedor desta inmigración africana:

«Eu non podo dicir que os responsables desas mortes son os gobernos de España e Marrocos; eu non podo dicir que os gobernos de España e Marrocos teñan

as mans lixadas de sangue; eu non podo dicir que os gobernos de España e Marrocos enchan de vítimas un frío, cruel, prolongado e inicuo corredor da morte. Non o podo dicir, pero pódoo pensar, e iso é o que penso».

O 27 de xuño morría en Sobrado Salvador Toro Jiménez aos 86 anos. Restaurador da vida monástica en Sobrado dos Monxes en 1971, e prior da comunidade desde 1975 a 2003. Un monxe moi querido dentro e fóra da comunidade, como o testemuñan as moitas reaccións á súa morte recollidas na web do mosteiro. Ouso ofrecer aquí a miña: «Sempre o admirei, mesmo sempre o envexei. Que sorte, e que traballo, unha vocación madurada, ben asentada! Unha graza para a propia persoa e para quen ten a sorte de bater con ela na vida. Así fuches ti, Salvador. Agradézoche de corazón. Que grande debe ser ese Deus que fai cousas así de simples, así de grandes! Apertas para todos os teus, os nosos irmáns».

O 4.07.22, aos 87 anos, morría o frade franciscano Cláudio Hummes, bispo que fora de Santo André e arce-

bispo de Fortaleza e de San Paulo (Brasil). Xogou un papel extraordinario na Igrexa brasileira e latinoamericana, desde un compromiso profético co pobo máis pobre e marxinal, e axudou a configurar unha resposta eclesial significativa para ás realidades que vivía a xente das súas comunidades. Un home franciscano por hábito, profesión e comprensión profunda da vida. Foi o que, segundo confesión do mesmo papa Francisco, ao ser este elixido papa, achegouse a el, deulle unha aperta e un bico e díxolle: «Non te esquezas dos pobres». Moi posiblemente o mesmo nome de Francisco llo debamos ao frade cardeal, e co nome a paixón profética por toda fragilidade. Un prelado máis, dos moitos que ten producido a Igrexa latinoamericana, e que tanto teñen contribuído a dignificar o conxunto da Igrexa.

O 18.07.22, aos 88 anos, morría Xosé Diéguez Reboledo, nado en Touro, A Coruña, bispo que fora de Osma-Soria (1984-86), de Ourense (1987-96) e de Tui-Vigo (1996-2010). As persoas que o coñeceron e trataron falan del como un home bo, humilde, eficaz; un

home de Deus, que gustaba visitar, acompañar, que sen moito boureo estaba en todo, alentando, impulsando proxectos. Nada amigo de aparencias e recoñecementos. Promoveu o Sínodo diocesano en Tui-Vigo entre os anos 2002-2006. Desde 2010, xa emérito, en coherencia co seu estilo e valores, serviu de capelán das Irmás dos Anciáns Desamparados en Santiago de Compostela. Descanse en paz.

### 10.- Irmás Carmelitas Descalzas do amor Misericordioso

E, falando de monxas, valla como punto final a carta coa que as Carmelitas Descalzas de San Xosé de Maipo, en Chile, compartiron coa cidadanía a súa valoración da nova constitución que a xente daquel país votaría o 4 de setembro (e que non foi aprobada). As Carmelitas piden que se vote afirmativamente, porque ven no texto, preparado por 154 homes e mulleres designados para o caso, aspectos moi positivos, como son a valoración firme dos pobos indíxenas, que o estado recoñeza a espiritualidade como elemento esencial do ser humano, que diga cousas moi positivas sobre dos

dereitos sociais da poboación chilena, que sexa unha constitución ecolóxica, que se fale de Chile como unha república solidaria... Citan o papa Francisco para dicir: «Os pobos que venden a súa tradición e por manía imitativa, violencia impositiva, imperdoable negligencia ou apatía, toleran que se lles arrebate a alma, perden, xunto coa súa fisionomía espiritual, a súa consistencia moral e finalmente a súa independencia ideolóxica, económica e política» (*Fratellei Tutti*, n. 14). E, por se acaso dubidamos da súa identidade, pechan a carta confesando: «Esta reflexión xorde nunha comunidade de mulleres dedicadas á vida contemplativa, abertas ao sopro do Espírito e á construción dun Chile para todos, xusto, equitativo, tolerante, con empatía, grande de alma e corazón, no cal collen todos os seres humanos e a creación toda, onde poidamos volver a ollarnos e atoparnos coma irmáns». (En *Religión digital* podedes ler o texto completo; paga a pena:

<https://www.religiondigital.org/america/Carmelitas-Descalzas-proposicion-Constitucion-Chile-0-2480451945.html>.

E máis nada xa, que vai longa abondo esta crónica do verán. Con ela xa pechada, aconteceu a excepcional xuntanza en Roma, 29 e 30 de agosto, de todos os cardeais do mundo co papa Francisco en Roma. Houbo ademais acontecementos eclesiais importantes durante estes meses: o significativo viaxe do papa a Canadá, o encontro das familias en Roma, o encontro de mocidade europea en Santiago...; xa os diferentes medios lles deron a necesaria publicidade.

Quizais, si, non falaron tanto os medios da celebración da 44 Romaxe de Crentes Galegos, celebración e festa que tivo lugar o 10 de setembro en Culleredo, A Coruña, co lema «Fóra do pobo non hai salvación», dedicada a desorballar a nosa memoria encol do crego Moncho Valcarce, militante a prol de toda causa xusta que se cruzaba na súa vida. Promove estas Romaxes de crentes galegas e galegos, como ben saberá quen isto lea, a Asociación Irimia, que, entre outras tarefas, ten a da edición da revista IRIMIA, saída á rúa por primeira vez en setembro do ano 1981, e que na actualidade vai

xa no número 2.024. Que por moitos anos máis poidamos proseguir nese empeño en vivir coma persoas cristiás facéndoo modo galego e ademais vinculándonos de corazón, coma Moncho, coas causas xustas que nos seguen demandando militancia. Que non nos falte o ánimo para as levar a cabo con espírito solidario, con alentos evanxélicos, con resiliencia.

Ah, e se alguén aspira a ser elixido bispo, que saiba que, desde o 13 de xullo, tres mulleres, a franciscana italiana Raffaella Petrini, vicegobernadora da cidade do Vaticano, a salesiana francesa Yvonne Reungoat e a arxentina María Lía Zervino, presidenta da Unión Mundial de Organizacións Femininas Católicas (3 entre 15), participarán na elección de bispos dentro do Dicasterio dos bispos. Ai, cantos, cantos chuchiños haberá que ir dando ata o namoramento final, ata a simple igualdade!

Ata a próxima, amigas e amigos.

**Manuel Regal Ledo**